




XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE SANIDADE



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

CONTIDO

1. INTRODUCCIÓN	3
2. OBXECTIVOS	4
2.1. OBXECTIVOS XERAIS.....	4
2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	4
3. ACTIVIDADES E INTERVENCIÓNS	5
4. CRONOGRAMA	5
5. PROGRAMA MENTORING OU ALUMNADO MENTOR	8
5.1. INTRODUCCIÓN.....	8
5.2. MENTORÍA NOS PROGRAMAS DE MOBILIDADE	8
5.3. OBXECTIVOS.....	8
5.4. OBRIGAS E INTERVENCIÓNS DO ALUMNADO MENTOR	8
5.5. RECOÑECIMENTO DO ALUMNADO MENTOR.....	9
5.6. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA MENTORING ...	9
5.7. PROCESO DE SELECCIÓN.....	9
5.8. ACEPTACIÓN E/OU RENUNCIA Á PARTICIPACIÓN	10
ANEXO I. INFORME DE MEMORIA DO PROFESORADO TITOR/A.....	11
ANEXO II. FICHA DE SEGUIMENTO DE MENTORAS/ES	13
ANEXO III. XORNADA DE INFORMACIÓN E FORMACIÓN PARA AS/OS MENTORAS/ES NOVEIS.....	16
ANEXO IV. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN COMO ALUMNO/A MENTOR/A	17
ANEXO V. ACEPTACIÓN DO POSTO DE ALUMNO/A MENTOR/A.....	18
ANEXO VI. RENUNCIA AO POSTO DE ALUMNO/A MENTOR/A.....	19

1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Acción Titorial (PAT) da Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña, foi deseñado de acordo coas directrices marcadas pola Universidade da Coruña (UDC) e as do Espazo Europeo de Ensino Superior coa pretensión de facilitar a integración e implicación do estudiantado de novo ingreso e o seguimento ao longo da súa permanencia no Centro.

A acción titorial pretende acompañar ao estudiantado no seu proceso de desenvolvemento académico e persoal dende o seu ingreso na universidade, favorecendo o coñecemento, análise e reflexión das súas opcións para a posterior toma de decisións e na súa traxectoria académica.

O PAT fundaméntase nas necesidades que presenta o estudiantado e concrétase nas accións / actividades dirixidas a súa satisfacción e inquietudes.

As principais dificultades e necesidades que ten o estudiantado de novo ingreso son:

- Descoñecemento da Universidade como institución
- Problemas académicos
- Descoñecemento do plan de estudos do Grao en Enfermaría
- Escaso dominio de estratexias para a aprendizaxe
- Problemas a nivel social e persoal
- Descoñecemento das saídas profesionais

Esta problemática faise máis evidente en estudantes con situacións persoais e educativas especiais (estudantes a tempo parcial, estudantes con actividade laboral, persoas con diversidade funcional, etc.).

Apoiar ao estudiantado para afrontar estas dificultades xustifica as actuacións previstas no PAT desta Escola.



2. OBXECTIVOS

2.1. OBXECTIVOS XERAIS

- 2.1.1. Facilitar o proceso de integración do estudantado de novo ingreso.
- 2.1.2. Apoiar, favorecer e mellorar o seu proceso de aprendizaxe.
- 2.1.3. Orientar na traxectoria curricular dentro da titulación e no mundo laboral.

2.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

2.2.1. Facilitar o proceso de integración do estudantado de novo ingreso:

- Apoiar a integración do alumnado de novo ingreso na Escola.
- Facilitar información sobre este Centro e a Universidade.
- Instar á participación nos órganos de representación do Centro.
- Orientar sobre os servizos que oferta a Universidade.

2.2.2. Apoiar, favorecer e mellorar o proceso de aprendizaxe do estudantado:

- Detectar as trabas que se lle presentan no estudo.
- Orientar no proceso de aprendizaxe.

2.2.3. Orientar ao estudantado na súa traxectoria curricular dentro da titulación e no mundo laboral:

- Asesorar na construción do currículo académico.
- Orientar e servir de apoio na continuidade do proceso formativo e na incorporación ao mundo laboral.



3. ACTIVIDADES E INTERVENCIÓNS

Para a consecución dos obxectivos, planifícanse e organízanse dous grupos de actividades.

3.1. Actividades e intervencións dirixidas a grandes grupos:

- Actividades de orientación, organizadas e planificadas cada curso académico pola Escola (programa de acollida, programas de Mobilidade e xornadas de saídas profesionais).
- Actividades organizadas e planificadas segundo as necesidades detectadas ou demandadas polo estudiantado.

3.2. Actividades e intervencións individuais ou en pequenos grupos

- Tutorías grupais, planificadas ou a demanda.
- Tutorías individuais, planificadas ou a demanda.

4. CRONOGRAMA

4.1. Programa de acollida ao inicio do curso:

- Información xeral sobre a titulación e presentación do curso académico (Directora e Secretaria académica).
- Información xeral sobre o Centro e a Universidade (Directora).
- Presentación do PAT (Coordinadora do PAT).
- Presentación do Sistema de Garantía de Calidade (Responsable de Calidade).
- Presentación Programas Mobilidade (Responsable de Mobilidade).
- Presentación da Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC.
- Presentación e información xeral sobre a biblioteca e planificación dos cursos de formación (Persoal da Biblioteca).



4.2. Primeiro cuadrimestre. Setembro – outubro:

Actividades de planificación da Coordinadora do PAT:

- Confirmación do profesorado titor/a para o novo curso.
- Sesión informativa coa Dirección do Centro e Coordinadora do PAT para titoras/es de nova incorporación.
- Valoración do resultado das enquisas de avaliación para titoras/es do PAT da Escola do curso anterior.
- Planificación xeral do PAT para o curso académico.
- Asignación de estudantes a titoras/es.
- Comunicación da asignación de titor/a ao estudantado de novo ingreso.
- Comunicación e presentación de titoras/es ás e aos estudantes de primeiro curso.

Xornadas de información e formación para as/os mentoras/es noveis:

- Informar sobre o PAT da Escola (Coordinadora do PAT).
- Intercambio das experiencias de mentoras e mentores sénior cos noveis.

Sesión informativa para o estudantado de primeiro curso:

- Plan de estudos (Responsable da Titulación).
- Sistema de Garantía de Calidade (Responsable de Calidade).
- PAT do centro (Coordinadora do PAT).

4.3. Primeiro cuadrimestre. Outubro – novembro:

Profesor/ra titor/a. Programación e desenvolvemento de titorías para:

- Presentar o funcionamento e obxectivos das titorías.
- Orientar sobre métodos e ferramentas que faciliten a aprendizaxe.
- Detectar dificultades e necesidades do estudantado.



4.4. Segundo cuadrimestre. Febreiro – maio:

Profesor/ra titor/a. Programación e desenvolvemento de titorías para:

- Detectar dificultades e necesidades do estudiantado.
- Orientar sobre materias e créditos de optatividade.

Dirección da Escola. Organización das Xornadas de Saídas Profesionais para o estudiantado de 4º curso.

- Amosar as diferentes saídas laborais.
- Amosar as posibilidades de progreso formativo académico e de especialización.
- Orientar na elaboración dun currículo profesional.

4.5. Segundo cuadrimestre. Xuño – xullo:

Reunión de valoración do desenvolvemento do PAT do curso (Coordinadora do PAT con titoras/es):

- Coñecer e valorar as experiencias no desenvolvemento do PAT.
- Identificar propostas de mellora, se é o caso.

Profesora/or titor/a:

- Realizar o informe/memoria do curso (Anexo I).
- Enviar o informe/memoria á Coordinadora do PAT.

Coordinadora do PAT:

- Valorar a información recibida das/os titoras/es.
- Elaborar o informe/memoria do PAT do curso.
- Trasladar o informe/memoria do PAT á Dirección do Centro.



5. PROGRAMA MENTORING OU ALUMNADO MENTOR

5.1. INTRODUCCIÓN

O Programa Mentoring forma parte do PAT, preséntase como un complemento á actividade deste programa de apoio para o estudantado. Consiste en por a disposición das e dos estudantes de primeiro e segundo curso unha figura de mentor/a (estudante de cursos superiores) que de xeito voluntario e por razón da experiencia, apoia e facilita a integración na contorna universitaria.

5.2. MENTORÍA NOS PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Disporase da figura de mentor/a de mobilidade (preferentemente de 4º curso) que apoie e facilite a integración na contorna universitaria de estudantes saíntes que realicen unha mobilidade nacional ou internacional e de estudantes entrantes que desenvolvan a estadía do programa neste Centro.

5.3. OBXECTIVOS

5.3.1. Apoiar a integración do alumnado de novo ingreso.

5.3.2. Proporcionar información sobre recursos que faciliten a integración no Centro.

5.4. OBRIGAS E INTERVENCIÓNS DO ALUMNADO MENTOR

5.4.1. Obrigas das/os mentoras/es:

- Manter a confidencialidade da información persoal do estudantado mentorizado.
- Asistir ás reunións de coordinación do PAT.
- Informar á Coordinadora do PAT das reunións realizadas coas e cos estudantes mentorizados (Anexo II).



ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

- Participar como relatores nas Xornadas de información e formación para mentoras/es noveis (mentoras/es sénior).
- Asistir ás Xornadas de información e formación para mentoras/es noveis (Anexo III).

5.4.2. Intervencións das e dos mentoras/es:

Informar sobre:

- Funcionamento da Escola.
- Recursos da UDC e Campus virtual.
- Cursos de formación da UDC.
- Actividades culturais e de práctica deportiva no contexto universitario.
- Obtención de tarxetas (UDC, bus, etc.).
- Titorías individuais planificadas ou a demanda dos estudantes.

5.5. RECOÑECIMENTO DO ALUMNADO MENTOR

- Certificado de participación expedido polo Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) para mentoras/es de 3º e 4º curso, con recoñecemento de 1,5 créditos de libre configuración por cada cuadrimestre no que se desenvolvan as funcións de titorización.
- Certificado de participación expedido pola Escola para mentoras/es de 2º curso.

5.6. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA MENTORING

A solicitude de participación realizarase a través da cumprimentación do modelo específico (Anexo IV) de envío á Coordinadora do PAT.

5.7. PROCESO DE SELECCIÓN

- Orde de inscrición.



ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

- Na mentorización dos programas de mobilidade terase en conta, fundamentalmente, a participación en programas de intercambio e a competencia en linguas estranxeiras.
- As/os estudantes non seleccionados na primeira opción incorporaranse nunha listaxe de agarda á que se recorrerá no caso de producírense baixas.

5.8. ACEPTACIÓN E/OU RENUNCIA Á PARTICIPACIÓN

- O estudantado seleccionado disporá dun prazo de 5 días para comunicar a súa aceptación ou renuncia (Anexo V e VI).
- O alumnado mentor poderá renunciar en calquera momento con comunicación previa (Anexo VI).



ANEXO I. INFORME DE MEMORIA DO PROFESORADO TITOR/A

PROFESOR/A TITOR/A: DATA E HORA: LUGAR: MODALIDADE (presencial ou Teams): TIPO (grupal ou individual):	
ALUMNADO CONVOCADO	
ALUMNADO ASISTENTE	
CONTEXTO CENTRO: <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecemento do equipo directivo e as súas funcións. 2. Planificación de horarios, exames, actividades culturais. 3. Plano de estudos. Situacións das materias, tipo de materias, organización das prácticas, saídas profesionais. 4. Espazos e servizos do centro (suficientes espazos para traballar en grupo, facer titorías grupais, funcionamento dos servizos de reprografía, da biblioteca, aula net, etc.). 5. Coñecemento das asociacións estudantís, representantes dos estudantes. 	
CONTEXTO ESTUDANTES: <ol style="list-style-type: none"> 1. Motivación: razóns para elixir estes estudos. 2. Titulación: coñecemento sobre as guías docentes e motivación na elección das materias optativas. 3. Técnicas de estudo empregadas: organización, busca de información, organización de traballos en grupo, etc. 	
TEMAS TRATADOS, ORIENTACIÓNS E ACTUACIÓNS REALIZADAS	
ACCIÓN TITORIAL: <ol style="list-style-type: none"> 1. Tempo dedicado á acción titorial. 2. Estratexias utilizadas para fomentar o diálogo e a participación. <ol style="list-style-type: none"> 1. Grao de flexibilidade na planificación da acción titorial. 2. Nivel de motivación para exercer as miñas funcións como titor/a. 	<p>Conclusións e impresións sobre a actividade de titoría desenvolvida:</p> <p>Necesidades detectadas para o desenvolvemento da mesma:</p>



ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

<ol style="list-style-type: none">3. Nivel de coñecementos dos servizos universitarios e do Centro.4. Nivel de coñecemento necesario para orientar os procesos de aprendizaxe dos estudantes.	Compromisos adquiridos por ámbalas dúas partes:
--	---

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

ANEXO II. FICHA DE SEGUIMENTO DE MENTORAS/ES

Depende directamente dun profesor/a titor/a? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
Número de reunións mantidas co teu titor/a ou coordinador/a durante este curso
Tes contacto frecuente co titor/a ou coordinador/a utilizando outros canais diferentes ás reunións presenciais? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non En caso afirmativo, cal/es?
Tiveches que acudir a este/a para solucionar algún problema ou dúbida coas/os mentorizadas/os? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non En caso afirmativo, foi suficiente a súa axuda para solucionalo? <input type="checkbox"/> Sempre <input type="checkbox"/> Nunca <input type="checkbox"/> Ás veces
Número de alumnado que mentorizas (mentorizadas/os):
Número de reunións con cada un das/os mentorizadas/os:
Como se celebraron as reunións presenciais? <input type="checkbox"/> A maioría son individuais <input type="checkbox"/> A maioría son grupais <input type="checkbox"/> Unhas son individuais e outras grupais
Onde se realizaron normalmente as reunións presenciais?: <input type="checkbox"/> No despacho do/a profesor/a <input type="checkbox"/> Na cafetería <input type="checkbox"/> Nunha aula ou lugar tranquilo do centro <input type="checkbox"/> Outro
Mantés contacto frecuente cos/coas mentorizados/as utilizando outros canais non presenciais? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non En caso afirmativo, cal/es?
Quen convocou a primeira reunión cos/coas mentorizados/as? <input type="checkbox"/> Coordinador/a <input type="checkbox"/> Titor/a <input type="checkbox"/> Ti como mentor/a

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

<input type="checkbox"/> Mentorizada/o
Como cualificarías a primeira reunión ou encontro? <input type="checkbox"/> Tensa <input type="checkbox"/> Distendida <input type="checkbox"/> Frutífera <input type="checkbox"/> Infrutuosa
Que temas tratastes nese primeiro encontro?
Quen convocou as seguintes reunións que tiveches? <input type="checkbox"/> Case sempre ti, como mentor/a <input type="checkbox"/> Case sempre o mentorizado/a <input type="checkbox"/> Un ou outro
Como cualificarías as seguintes reunións ou encontros? <input type="checkbox"/> Tensas <input type="checkbox"/> Distendidas <input type="checkbox"/> Frutíferas <input type="checkbox"/> Infrutuosas
Que temas abordastes?
Sentícheste preparado para dar respostas ás dúbidas expostas polas/os mentorizadas/os? <input type="checkbox"/> Sempre <input type="checkbox"/> Nunca <input type="checkbox"/> Ás veces
Cando tiveches algún problema, a quen acudiches? <input type="checkbox"/> Profesor/a titor/a <input type="checkbox"/> Coordinador/a PAT <input type="checkbox"/> Compañeiros/as mentores <input type="checkbox"/> Outras/os compañeiras/os
Enumera algún dos problemas que atopaches desde que iniciaches esta experiencia da mentoría:.....
Empregas algún medio de rexistro para recoller o sucedido nas reunións? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non En caso afirmativo, cal/es?.....
Ata agora, como definirías o teu estado de ánimo fronte a tu participación como mentor/a?: <input type="checkbox"/> Animado a seguir, é gratificante.



ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

- Con altos e baixos pero sigo niso.
- Isto é un estrés!
- Que paren o tren que me baixo!

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

**ANEXO III. XORNADA DE INFORMACIÓN E FORMACIÓN PARA
AS/OS MENTORAS/ES NOVEIS**

1.A mentoría que inicio é de carácter:

- Individual
 En parella

2.Considero que o programa Mentoring incluído dentro do Plan de Acción Titorial permitirame:

- Mellorar as miñas competencias sociais e de comunicación en xeral
 Obter créditos de libre configuración
 Obter recoñecemento dentro e fóra da Escola
 Mellorar o meu currículo tras finalizar o Grao
 Outras:.....

3.Considero que a miña función como mentor/a é:

- Explicar o funcionamento da Escola a todos os niveis
 Facilitar a comunicación entre estudantes
 Facilitar a comunicación entre estudantes e titores
 Estar dispoñible para calquera cuestión que considere a/o estudante
 Apoiar e facilitar a integración na contorna universitaria da/o estudante
 Outras:.....

4.Considero que teño dúbidas con respecto ás miñas funcións como mentor/a (1 indica que non tes ningunha dúbida - 5 indica que tes moitas dúbidas)

- 1
 2
 3
 4
 5

5.Considero que teño dúbidas con respecto ao propósito e funcionamento do programa Mentoring (1 indica que non tes ningunha dúbida - 5 indica que tes moitas dúbidas)

- 1
 2
 3
 4
 5

6.Se o desexas, indica a continuación calquera cuestión importante ou que consideres relevante:

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

**ANEXO IV. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN COMO ALUMNO/A
MENTOR/A**

1.DNI ou equivalente (con letra):
2.Teléfono de contacto (para contacto dende a coordinación do PAT da EUE A Coruña):
3.Desexo inscribirme como estudante mentor/a para realizar as labores de mentoría que se inclúen nas bases do PAT da EUE A Coruña para o vindeiro curso académico. <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
4.Durante o vindeiro curso académico estarei matriculada/o no curso: <input type="checkbox"/> 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º
5.Explica por que pensas que podes ser un/unha bo/boa mentor/a e que cres que se espera dun/dunha mentor/a:
6.Comparte a túa opinión con respecto aos beneficios do Programa Mentoring para as/os estudantes (en que consideras que pode axudar):
7.Se fora posible, gustaríame ser mentor/a: <input type="checkbox"/> Individual <input type="checkbox"/> En parella <input type="checkbox"/> Indistinto
8.Explica brevemente o motivo que che leva a decantarte por unha mentoría individual, en parella ou con preferencia indistinta:

ANEXO V. ACEPTACIÓN DO POSTO DE ALUMNO/A MENTOR/A

1.DNI ou equivalente (con letra):
2.Teléfono de contacto (para contacto dende a coordinación do PAT da EUE A Coruña):
3.Modalidade de solicitude da aceptación ao programa: <input type="checkbox"/> Mentor/a de nova incorporación <input type="checkbox"/> Continuidade como mentor/a <input type="checkbox"/> Mentor/a de mobilidade (para alumnado de 4º curso)
4.Tipo de mentoría: <input type="checkbox"/> En parella <input type="checkbox"/> Individual <input type="checkbox"/> Indistinto
5. Comprométome a cumprir con todas as obrigas e intervencións atribuídas ao alumnado mentor recollidas nas bases da convocatoria do PAT da EUE A Coruña: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non

ANEXO VI. RENUNCIA AO POSTO DE ALUMNO/A MENTOR/A

1.DNI ou equivalente (con letra):
2.Teléfono de contacto (para contacto dende a coordinación do PAT da EUE A Coruña):
3.Renuncio á mentoría do PAT polos seguintes motivos (resposta voluntaria): <input type="checkbox"/> Cuestións persoais <input type="checkbox"/> Supón máis esforzo do que me imaxinaba <input type="checkbox"/> Sobrecarga académica <input type="checkbox"/> O Programa de Mentoría non cumpre coas miñas expectativas <input type="checkbox"/> Outras:.....
4.Tipo de mentoría: <input type="checkbox"/> En parella <input type="checkbox"/> Individual <input type="checkbox"/> Indistinto